

1. **Indique cal dos seguintes dereitos se recoñece no artigo 17 da Constitución Española:**
 - a.- Dereito á vida e a integridade física e moral.
 - b.- Dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar.
 - c.- Dereito á liberdade e á seguridade.
 - d.- Dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.

2. **Indique cal dos seguintes dereitos non se atopa recollido no artigo 20 da Constitución Española:**
 - a.- Dereito á liberdade de cátedra.
 - b.- Dereito a comunicar ou recibir libremente información veraz.
 - c.- Dereito á produción e creación literaria.
 - d.- Dereito ao segredo das comunicacións , postais, telegráficas e telefónicas.

3. **Sinale cal das seguintes opcións é a correcta de acordo co disposto no artigo 18 da Constitución Española:**
 - a.- En ningún caso se pode limitar o uso da informática.
 - b.- O uso da informática só pode limitarse no lugar de traballo para uso persoal.
 - c.- Só por resolución xudicial pode limitarse o uso da informática para que se garanta o honor e mais a intimidade persoal e familiar dos cidadáns.
 - d.- A lei limitará o uso da informática para que se garanta o honor e mais a intimidade persoal e familiar dos cidadáns.

4. **Indique a opción correcta. Segundo o artigo 21 da Constitución Española recoñecese:**
 - a.- O dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito necesitará autorización previa.
 - b.- O dereito de reunión pacífica e con armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa.
 - c.- O dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa.
 - d.- O dereito de reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito será autorizado unha vez finalizado.

5. **Segundo o artigo 25 da Constitución Española, o condenado a pena de prisión, en todo caso, terá dereito a:**
 - a.- Traballo remunerado e mais os beneficios correspondentes da Seguridade Social , así como o acceso á cultura e ao desenvolvemento integral da súa personalidade.
 - b.- Visitas periódicas dos seus parentes ou familiares , así como o acceso á lectura e cultura
 - c.- Traballo a cambio da estancia na penitenciaría e, no caso de a necesitar, na enfermaría da prisión.
 - d.- Traballo remunerado e mais os beneficios correspondentes no IRPF , así como o acceso á cultura e ao desenvolvemento integral da súa personalidade.

6. **Sinale a opción correcta segundo o artigo 29 da Constitución Española:**
 - a.- Todos os españois terán dereito de petición colectiva, por escrito ou verbalmente, na forma e cos efectos que determine a lei .

- b.- Todos os españois e estranxeiros residentes en España terán dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.
 - c.- Todos os españois terán o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.
 - d.- Ningunha das anteriores é correcta.
- 7. A Lei 5/1984 , do 5 de maio, de símbolos de Galicia, dispón no seu artigo 3 que o escudo de Galicia trae:**
- a.- En campo de azur, un cáliz de prata sumado dunha hostia de ouro , e acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres a cada lado e unha no centro do xefe.
 - b.- En campo de azur, un cáliz de prata sumado dunha hostia de ouro , e acompañado de nove cruces recortadas do mesmo metal, catro a cada lado e unha no centro do xefe.
 - c.- En campo de azur, un cáliz de ouro sumado dunha hostia de prata, e acompañado de sete cruces recortadas de diferente metal, tres a cada lado e unha no centro do xefe.
 - d.- En campo de azur, un cáliz de ouro sumado dunha hostia de prata ,e acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres a cada lado e unha no centro do xefe.
- 8. Indique a opción correcta segundo o artigo 6 da Lei 5/1984 , do 5 de maio, de símbolos de Galicia:**
- a.- A bandeira de Galicia cando concorra soamente coa bandeira de España situarase á súa dereita desde a presidencia se a houbese, e á esquerda desde o observador.
 - b.- A bandeira de Galicia cando concorra soamente coa bandeira de España situarase á súa esquerda desde a presidencia se a houbese, e á dereita desde o observador.
 - c.- A bandeira de Galicia cando concorra soamente coa bandeira de España situarase á súa esquerda desde o observador se a houbese, e á dereita desde a presidencia.
 - d.- A bandeira de Galicia cando concorra soamente coa bandeira de España situarase á súa esquerda desde a presidencia ou dende o observador indistintamente.
- 9. Segundo o artigo 6 da Lei 5/1984 , do 5 de maio, de símbolos de Galicia, cal das seguintes opcións é correcta:**
- a.- A bandeira de Galicia cando concorra coa bandeira de España e ademais con bandeiras de concellos, deputacións ou calquera outra corporación pública que utilice bandeira propia, a de Galicia situarase á esquerda da de España se o numero é impar e á súa dereita se fose par.
 - b.- A bandeira de Galicia cando concorra coa bandeira de España e ademais con bandeiras de concellos, deputacións ou calquera outra corporación pública que utilice bandeira propia, a de Galicia situarase á dereita da de España se o numero é impar e á súa esquerda se fose par .
 - c.- A bandeira de Galicia cando concorra coa bandeira de España e ademais con bandeiras de concellos, deputacións ou calquera outra corporación pública que utilice bandeira propia, a de Galicia situarase á dereita da de España se o numero é impar e no centro se fose par.
 - d.- A bandeira de Galicia cando concorra coa bandeira de España e ademais con bandeiras de concellos, deputacións ou calquera outra corporación pública que utilice bandeira propia, a de España situarase á dereita da de Galicia se o numero é impar e á súa esquerda se fose par.

- 10. Sinala segundo o artigo 7 da Lei 5/1984 , do 5 de maio, de símbolos de Galicia, onde deberá figurar o escudo de Galicia:**
- a.- Nas placas nas fachadas dos locais da Administración autonómica.
 - b.- Nos distintivos usados polas autoridades ou funcionarios da comunidade aos que lles corresponda.
 - c.- Nos títulos acreditativos de condecoracións galegas.
 - d.- Todas son correctas.
- 11. Segundo o artigo 9 da Lei 5/1984 , do 5 de maio, de símbolos de Galicia, cal das seguintes opcións é correcta:**
- a.- Os símbolos de Galicia gozan da mesma protección xurídica que as Leis estatais confiren aos símbolos do Estado con aplicación dos mesmos casos e supostos que estas contemplan.
 - b.- Os símbolos de Galicia gozan de menor protección xurídica que as Leis estatais confiren aos símbolos do Estado con aplicación dos mesmos casos e supostos que estas contemplan.
 - c.- Os símbolos de Galicia gozan de maior protección xurídica que as Leis estatais confiren aos símbolos do Estado con aplicación dos mesmos casos e supostos que estas contemplan.
 - d.- Os símbolos de Galicia non gozan da protección xurídica que as Leis estatais confiren aos símbolos do Estado con aplicación dos mesmos casos e supostos que estas contemplan.
- 12. Sinala a opción correcta segundo o artigo 1 da Lei 5/1984 , do 5 de maio, de símbolos de Galicia:**
- a.- A bandeira, e o escudo de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica.
 - b.- A bandeira, e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica.
 - c.- O escudo e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica.
 - d.- A bandeira, o escudo e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica.
- 13. Segundo o artigo 8 da Lei 5/1984 , do 5 de maio, de símbolos de Galicia, cal das seguintes opcións é correcta:**
- a.- O himno de Galicia deberá ser interpretado nos actos oficiais solemnes das institucións autonómicas de Galicia e das entidades locais do seu territorio.
 - b.- O himno de Galicia deberá ser interpretado nos actos oficiais solemnes e non solemnes das institucións autonómicas de Galicia e das entidades locais do seu territorio.
 - c.- O himno de Galicia deberá ser interpretado nos actos oficiais solemnes das institucións autonómicas de Galicia e das entidades laborais do seu territorio.
 - d.- O himno de Galicia poderá ser interpretado nos actos oficiais solemnes das institucións autonómicas de Galicia e das entidades locais do seu territorio.
- 14. Segundo o artigo 22 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios deberán constar polo menos de:**
- a.- Catro deputados e dous suplentes.
 - b.- Cinco deputados e cinco suplentes.

- c.- Cinco deputados.
d.- Catro deputados.
- 15. Segundo o artigo 23 do Regulamento do Parlamento de Galicia a constitución inicial de grupos parlamentarios farase:**
- a.- Dentro dos cinco días seguintes ás eleccións ao Parlamento de Galicia.
b.- Dentro dos cinco días seguintes á sesión de investidura do presidente da Xunta.
c.- Dentro dos cinco días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento.
d.- Dentro dos cinco días seguintes á solemne sesión de apertura da lexislatura.
- 16. Segundo o artigo 2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a sesión constitutiva do Parlamento de Galicia terá lugar na data que determine:**
- a.- O decreto de convocatoria de eleccións.
b.- O decreto de proclamación de electos.
c.- O decreto de designación dos membros das xuntas electorais.
d.- O decreto de candidaturas presentadas.
- 17. Segundo dispón o artigo 29 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Mesa entenderase validamente constituída cando estean presentes, polo menos:**
- a.- Un terzo dos seus membros.
b.- Tres dos seus membros.
c.- O presidente e o secretario.
d.- Todas son incorrectas.
- 18. Ao abeiro do artigo 27 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios:**
- a.- Asignaranlles unha retribución fixa aos seus deputados e outra variable en función da asistencia aos Plenos ou Comisións.
b.- Levarán unha contabilidade específica da subvención outorgada polo Parlamento, que poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida.
c.- Publicarán no portal de transparencia do grupo parlamentario as súas contas de resultados.
d.- Publicarán anualmente, as subvencións outorgadas polo Parlamento, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.
- 19. Segundo o artigo 30 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a quen lle corresponde adoptar cantas decisións e medidas requiran a organización do traballo e do réxime e goberno interiores da Cámara?**
- a.- Á Xunta de Portavoces.
b.- Ao letrado oficial maior.
c.- Ao xefe de recursos humanos.
d.- Á Mesa do Parlamento.

- 20. Segundo o artigo 30 do Regulamento do Parlamento de Galicia, se un deputado ou grupo parlamentario discrepar da decisión adoptada pola Mesa, no exercicio das funcións de cualificar e decidir a tramitación dos escritos e documentos de índole parlamentaria, poderá solicitar a súa reconsideración. Indique a quen lle corresponde mediante resolución motivada, e oída a Xunta de Portavoces, a decisión definitiva:**
- a.- Á Presidencia.
 - b.- Ao letrado oficial maior.
 - c.- Ao Xefe de recursos humanos.
 - d.- Á Mesa do Parlamento.
- 21. Segundo o artigo 31 do Regulamento do Parlamento de Galicia, non é función do presidente do Parlamento:**
- a.- Desempeñar a representación da Cámara.
 - b.- Asegurar a boa marcha dos traballos.
 - c.- Dirixir os debates, manter a orde destes e ordenar os pagamentos.
 - d.- Fixar o calendario de actividades do Pleno.
- 22. Segundo dispón o artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as declaracións sobre actividades e bens dos deputados:**
- a.- Inscribíranse no Rexistro de Intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa da Presidencia.
 - b.- Inscribíranse no Rexistro de Intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa da Oficialía Maior.
 - c.- Inscribíranse no Rexistro do Parlamento e o seu contido será público, a través do Diario Oficial de Galicia e do Portal de Transparencia da Cámara.
 - d.- Inscribíranse no Rexistro do Parlamento e o seu contido será público, a través do Diario Oficial de Galicia e do Portal de Transparencia da Cámara, agás aqueles datos referentes á localización dos bens inmoables e mais aqueles outros que a Mesa acorde omitir para salvagardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.
- 23. ¿Quen aproba, segundo o artigo 19 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a relación de postos de traballo do Parlamento de Galicia?**
- a.- O presidente do Parlamento despois da proposta do oficial maior.
 - b.- A Mesa do Parlamento de Galicia.
 - c.- O/A letrado/a oficial maior do Parlamento, una vez negociada coa correspondente Mesa.
 - d.- O/A letrado/a oficial maior do Parlamento despois de proposta da Mesa do Parlamento e posteriormente publicárase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.
- 24. Segundo dispón o artigo 38 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as decisións da Xunta de Portavoces adoptáranse:**
- a.- Por maioría absoluta.
 - b.- Por maioría cualificada.
 - c.- Por maioría absoluta, agás cando se trate de interpretar o Regulamento que será en función do criterio de voto ponderado.
 - d.- Sempre en función do criterio de voto ponderado.

- 25. Segundo o artigo 40 do Regulamento do Parlamento de Galicia, todos os grupos parlamentarios teñen dereito a contar en cada comisión, como mínimo:**
- a.- Con dous asesores colexiados.
 - b.- Cun representante dos medios de comunicación debidamente acreditado.
 - c.- Cun representante.
 - d.- Cun auxiliar administrativo que os asista na sesión.
- 26. Segundo o artigo 40 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os membros da Xunta de Galicia poderán acudir ás comisións:**
- a.- Con voz e voto.
 - b.- Con voz.
 - c.- Asistidos por un letrado da súa asesoría xurídica.
 - d.- Os membros da Xunta non poderán acudir ás comisións.
- 27. Segundo o artigo 42 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as comisións son convocadas polo seu presidente de acordo co do Parlamento:**
- a.- Por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da comisión.
 - b.- Por petición dunha quinta parte do electorado ou de dúas circunscricións electorais.
 - c.- Por iniciativa propia ou por petición dun grupo parlamentario ou dunha quinta parte dos membros da comisión.
 - d.- Por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros do pleno.
- 28. Segundo o artigo 45 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as comisións permanentes deberán constituírse dentro dos :**
- a.- Dez días seguintes á celebración das eleccións.
 - b.- Dez días seguintes á proclamación de electos.
 - c.- Dez días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento.
 - d.- Dez días seguintes á sesión de investidura da presidencia da Xunta.
- 29. Segundo o artigo 56 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Deputación Permanente estará presidida polo presidente do Parlamento de Galicia e:**
- a.- Formarán parte dela un máximo de once membros que representarán aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica.
 - b.- Formarán parte dela un mínimo de once membros que representarán aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica.
 - c.- Formarán parte dela once membros que representarán aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica.
 - d.- Formarán parte dela un máximo de once membros, e un mínimo de catro, que representarán aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica.
- 30. En canto ás sesións do Parlamento, o capítulo I do título V do Regulamento do Parlamento de Galicia, dispón que:**
- a.- O Parlamento de Galicia reunirase anualmente en dous períodos de sesións, de setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 30 de xuño.

- b.- Fóra dos períodos de sesións, a Cámara só poderá celebrar sesións extraordinarias por petición da Deputación Permanente ou de dous grupos parlamentarios. Na petición deberá figurar a orde do día que se propón para a sesión extraordinaria solicitada.
 - c.- A convocatoria e a fixación da orde do día das sesións extraordinarias, tanto das comisións coma do Pleno, faranse de acordo co previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia para as sesións ordinarias do Pleno.
 - d.- As sesións, por regra xeral, celebraranse en días comprendidos entre o martes e o xoves, ambos inclusive, de cada semana.
- 31. Dispón o artigo 67 do Regulamento do Parlamento de Galicia que, o Parlamento de Galicia reunirse anualmente en dous períodos de sesións. ¿Cales?**
- a.- De xaneiro a xullo e de setembro a decembro.
 - b.- De setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 30 de xuño.
 - c.- De setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo.
 - d.- Do 15 de setembro ao 15 de decembro e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo.
- 32. Segundo dispón o artigo 5 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a constitución do Parlamento será comunicada polo seu presidente:**
- a.- Ao Rei, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.
 - b.- Ao Rei, ao Congreso, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.
 - c.- Ao Rei, ao Congreso, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.
 - d.- Ao Congreso, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.
- 33. Segundo o disposto no artigo 73 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a orde do día do Pleno pode ser alterada:**
- a.- Por acordo do Pleno.
 - b.- Por acordo do presidente.
 - c.- Por petición dun grupo parlamentario ou dun terzo dos membros da Cámara.
 - d.- Todas son correctas.
- 34. Segundo dispón o artigo 75 do Regulamento do Parlamento de Galicia, nos debates, o orador poderá facer uso da palabra:**
- a.- Desde a tribuna ou desde o escano.
 - b.- Só desde a tribuna.
 - c.- Só desde o escano.
 - d.- Desde onde llo indique o presidente.
- 35. Segundo o artigo 80 do Regulamento do Parlamento de Galicia, nos debates, os grupos parlamentarios intervirán nas roldas xerais:**
- a.- En orde directa á súa importancia numérica, comezando polo grupo de maior número de membros.

- b.- En orde inversa á súa importancia numérica, comezando polo grupo de menor número de membros.
 - c.- En orde inversa á súa importancia numérica, comezando polo grupo maioritario.
 - d.- En orde directa á súa importancia numérica, comezando polo Grupo Mixto.
- 36. No relativo aos debates en Pleno, o capítulo III do Título V do Regulamento do Parlamento de Galicia establece que:**
- a.- Ningún debate poderá comezar sen a previa distribución, polo menos con vinte catro horas de antelación, do informe, do ditame ou da documentación que teña de servir de base a aquel, agás acordo contrario da Mesa do Parlamento ou da Comisión, debidamente xustificado.
 - b.- Ningún deputado poderá falar sen ter pedida e obtida do presidente a palabra. Se un deputado chamado pola Presidencia non se encontrase presente, poderá facer uso dela na seguinte sesión.
 - c.- Transcorrido o tempo establecido, o presidente, tras indicarlle tres veces ao orador que conclúa, retirarlle a palabra.
 - d.- Os deputados que pedisen a palabra nun mesmo sentido poderán cederse a rolda entre si. Logo de comunicación ao presidente e para un caso concreto calquera deputado con dereito a intervir poderá ser substituído por outro do mesmo grupo parlamentario.
- 37. Segundo dispón o artigo 92 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a votación será pública por chamamento, ou secreta:**
- a.- Cando o esixa o Regulamento
 - b.- Cando o solicite un grupo parlamentario.
 - c.- Cando o solicite a terceira parte dos deputados ou dos membros da Comisión.
 - d.- Todas son correctas.
- 38. Ao abeiro do disposto no artigo 102 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a prohibición de asistir a unha ou dúas sesións e a expulsión inmediata dun deputado poderán ser impostas:**
- a.- Polo presidente
 - b.- Polo presidente coa autorización da Mesa
 - c.- Pola Mesa
 - d.- Polo Pleno da Cámara.
- 39. Indique a reposta incorrecta. Ao abeiro do disposto no artigo 103 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a suspensión temporal na condición de deputado poderá acordarse nos seguintes supostos:**
- a.- Cando, imposta e cumprida a sanción prevista no artigo 101, o deputado persistir na súa actitude.
 - b.- Cando o deputado portar armas dentro do recinto parlamentario.
 - c.- Cando o deputado, despois de ser expulsado do salón de sesións, se negar a abandonalo.
 - d.- Cando o deputado contraviñese o disposto nos artigos 11 e 12 deste Regulamento.

- 40. Segundo o artigo 105 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os deputados e os oradores serán chamados á orde:**
- a.- Por volveren sobre o que estiver discutido ou votado.
 - b.- Cando estiveren fóra da cuestión.
 - c.- Cando con interrupcións ou de calquera forma alteraren a orde das sesións.
 - d.- Todas son correctas.
- 41. O título VI do Regulamento do Parlamento de Galicia, no que respecta á tramitación das proposicións de lei, establece o seguinte:**
- a.- Exercitada a iniciativa, o presidente da Cámara ordenará a publicación da proposición de lei e a súa remisión á Xunta de Galicia.
 - b.- Tomada en consideración a proposición de lei, o presidente da Cámara acordará o seu envío á Comisión competente e a apertura do correspondente prazo de presentación de emendas.
 - c.- As proposicións de lei de iniciativa popular deben ser examinadas polo Servizo de Asistencia Parlamentaria co fin de examinar o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos.
 - d.- Unha vez tomada en consideración a proposición de lei, a súa retirada só será efectiva se a aceptar o Pleno da Cámara.
- 42. Para ser elixido presidente da Xunta, segundo o artigo 136 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o candidato deberá obter os votos da maioría absoluta. Esta elección comportará a aprobación do programa de Goberno. Se non acada esta maioría, procederase a unha segunda votación:**
- a.- 48 horas despois da anterior, e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría simple.
 - b.- 48 horas despois da anterior, e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría máis un dos membros da Cámara.
 - c.- 24 horas despois da anterior, e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría simple.
 - d.- 24 horas despois da anterior, e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría máis un dos membros da Cámara.
- 43. Segundo o artigo 136 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a quen lle corresponde propor un candidato a presidente da Xunta de Galicia?**
- a.- Á forza política que obtivese máis representación nas eleccións.
 - b.- Ao Rei.
 - c.- Ao presidente do Parlamento.
 - d.- Aos grupos parlamentarios.
- 44. Segundo o artigo 12 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, a convocatoria de eleccións ao Parlamento realizarase mediante:**
- a.- Decreto.
 - b.- Lei.
 - c.- Decreto legislativo.
 - d.- Real decreto-lei.

45. Segundo o artigo 12 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o decreto de convocatoria de eleccións entrará en vigor:
- a.- Ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.
 - b.- O mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.
 - c.- O mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.
 - d.- O mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
46. Segundo o artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o número de deputados que lle corresponde a cada unha das catro provincias de Galicia é?
- a.- Un mínimo inicial de 10 deputados.
 - b.- Un máximo final de 10 deputados.
 - c.- Un numero total de 10 deputados.
 - d.- 10 deputados por cada 100.000 habitantes.
47. Segundo o artigo 10 do Estatuto de autonomía para Galicia, cal das seguintes non é función do Parlamento de Galicia?
- a.- Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
 - b.- Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei.
 - c.- Presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei.
 - d.- Aprobar leis orgánicas relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais.
48. Segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía para Galicia, os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos:
- a.- Delitos cometidos no territorio de Galicia.
 - b.- Votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo.
 - c.- Delitos cometidos fóra do territorio de Galicia.
 - d.- Votos e opinións que emitan alleas ao exercicio do seu cargo.
49. Segundo o artigo 13 do Estatuto de Autonomía para Galicia, as leis de Galicia son publicadas:
- a.- Só no Diario Oficial de Galicia.
 - b.- Só no Boletín Oficial do Estado.
 - c.- No Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.
 - d.- No Boletín oficial do Parlamento de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.
50. Segundo o artigo 11 do Estatuto de autonomía para Galicia, unha lei do Parlamento de Galicia fixará o numero de deputados:
- a.- Entre sesenta e oitenta.
 - b.- Entre setenta e oitenta.
 - c.- Entre sesenta e noventa.
 - d.- Entre setenta e noventa.

- 51. Segundo o artigo 13 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, cal das seguintes afirmacións é falsa?**
- a.- O valedor do pobo poderá iniciar e proseguir calquera investigación sobre os actos e resolucións da Administración pública da Comunidade Autónoma e dos seus axentes.
 - b.- O valedor do pobo poderá iniciar e proseguir calquera investigación sobre os actos e as resolucións da Administración local.
 - c.- O valedor do pobo poderá iniciar e proseguir calquera investigación sobre os servizos xestionados por persoas físicas ou xurídicas mediante concesión administrativa.
 - d.- O valedor do pobo poderá iniciar e proseguir calquera investigación sobre os beneficios fiscais a favor dos usuarios de bens e de servizos públicos aplicables nos prezos correspondentes.
- 52. Segundo a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, cal das seguintes afirmacións é falsa?**
- a.- É función propia do Consello de Contas o axuizamento da responsabilidade contable na que incorra quen teña ao seu cargo o manexo de caudais ou efectos públicos.
 - b.- O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará ao Parlamento de Galicia en materia económico-financeira.
 - c.- O Consello de Contas depende directamente do Parlamento de Galicia e exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico.
 - d.- Para garantir unha correcta xestión das finanzas públicas, o Consello de Contas asume a competencia da prevención da corrupción no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma.
- 53. Segundo o artigo 3 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, o persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia clasifícase en:**
- a.- Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral fixo e persoal eventual.
 - b.- Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral (fixo ou temporal) e persoal eventual.
 - c.- Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral fixo, persoal eventual e persoal directivo.
 - d.- Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral (fixo ou temporal), persoal eventual e persoal directivo.
- 54. Segundo o artigo 8 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, cal dos seguintes requisitos non é necesario para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia?**
- a.- Superación do proceso selectivo correspondente.
 - b.- Nomeamento pola presidenta ou o presidente da Cámara e publicación do nomeamento no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia.
 - c.- Publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia e traslado ao Boletín Oficial do Estado para a súa ratificación.

- d.- Xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo e de gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia.
- 55. Segundo o artigo 9 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, cal das seguintes non é unha causa de extinción da relación de servizo?**
- a.- A renuncia á condición funcionarial.
 - b.- A perda da condición política de galego.
 - c.- A sanción disciplinaria de separación do servizo que adquira firmeza.
 - d.- A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que tivera carácter firme.
- 56. Segundo o disposto no Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, non é tarefa do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia:**
- a.- A condución de vehículos oficiais.
 - b.- A vixilancia e custodia no interior do Parlamento.
 - c.- A telefonía.
 - d.- A atención de secretarías.
- 57. Segundo o artigo 43 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, o persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia poderá encontrarse en situación administrativa de:**
- a.- Comisión de servizos.
 - b.- Libre designación.
 - c.- Expectativa de destino.
 - d.- a) e b) son correctas.
- 58. Segundo o artigo 87 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, cando incorrerá en responsabilidade disciplinaria o persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia?**
- a.- Pola non comunicación cos seus superiores xerárquicos.
 - b.- Pola comisión de faltas derivadas do incumprimento dos seus deberes, de acordo co previsto no Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.
 - c.- Pola non actualización do perfil funcionarial na web institucional.
 - d.- Polo uso accidental de material profesional.
- 59. O artigo 89 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia dispón o seguinte en canto ás sancións:**
- a.- As sancións disciplinarias son as mesmas que as establecidas con carácter xeral para a función pública de Galicia.
 - b.- As sancións graduaranse de acordo coa intencionalidade da autora ou autor, a perturbación causada no servizo, a gravidade dos danos ocasionados, o descrédito para a imaxe pública do Parlamento de Galicia e da súa administración e a reincidencia.
 - c.- Existirá reincidencia cando no prazo de dous anos desde que recaese resolución sancionadora firme a presunta persoa infractora cometera outra infracción da mesma natureza.
 - d.- As respostas a) e b) son correctas.

60. Segundo dispón o artigo 90 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia:

- a.- As sancións por falta leve darán lugar á instrución de expediente e deberá dársele audiencia, en todo caso, á presunta persoa infractora. Correspóndelle á letrada ou letrado oficial maior a súa imposición.
- b.- A incoación dos expedientes e a imposición das sancións por faltas graves e moi graves corresponderanlle á Mesa do Parlamento de Galicia.
- c.- Daráselle traslado da incoación dos expedientes sancionadores por faltas moi graves á Xunta de Persoal, que poderá emitir un informe que terá carácter vinculante para a administración.
- d.- A incoación dos expedientes e a imposición das sancións por faltas graves e moi graves corresponderanlle á letrada ou letrado oficial maior.

61. Ao abeiro do artigo 83 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, queda exceptuada da autorización de compatibilidade correspondente:

- a.- A intervención profesional en recursos de inconstitucionalidade.
- b.- A pertenza a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade delas estea directamente relacionada co Parlamento de Galicia.
- c.- A elaboración de informes ou ditames para as administracións públicas.
- d.- A participación do persoal docente en tribunais para exames, probas ou avaliacións distintas das que habitualmente lle correspondan na forma establecida.

62. Segundo o artigo 2 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, o sistema de carreira profesional horizontal non será de aplicación a:

- a.- O persoal funcionario de carreira.
- b.- O persoal funcionario interino.
- c.- O persoal laboral temporal.
- d.- O persoal laboral non temporal.

63. Segundo o artigo 4 das Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, para poder perfeccionar o grao IV de carreira profesional retribuídos, a empregada pública e o empregado público deberán reunir:

- a.- Seis anos de permanencia no grao persoal III e as seguintes horas de formación: 130 horas para o grupo A, 120 horas para o grupo B; 110 horas para o grupo C e 70 para o grupo D/E, e avaliación favorable.
- b.- Seis anos de permanencia no grao persoal III e as seguintes horas de formación: 130 horas para o grupo A; 120 horas para o grupo B; 110 horas para o grupo C, e 80 horas para o grupo D/E, e avaliación favorable.
- c.- Seis anos de permanencia no grao persoal III e as seguintes horas de formación: 130 horas para o grupo A; 110 horas para o grupo B; 90 horas para o grupo C, e 80 horas para o grupo D/E, e avaliación favorable.
- d.- Seis anos de permanencia no grao persoal III e as seguintes horas de formación: 140 horas para o grupo A; 120 horas para o grupo B; 100 horas para o grupo C, e 80 horas para o grupo D/E, e avaliación favorable.

64. Segundo o artigo 3 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, ademais das competencias que lle confiren o Regulamento do Parlamento e o Estatuto de persoal da Cámara, terá especificamente, en materia organizativa e de xestión administrativa, as seguintes competencias:
- a.- A creación, modificación e supresión de unidades administrativas.
 - b.- A superior dirección do persoal e da Administración parlamentaria.
 - c.- O desenvolvemento das directrices organizativas e de xestión acordadas.
 - d.- Todas son correctas.
65. Ao abeiro do artigo 9 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, son competencias da letrada ou do letrado oficial maior:
- a.- A proposta de medidas disciplinarias que afecten o persoal.
 - b.- A concesión de licenzas, permisos e vacacións do persoal, agás o do Gabinete da Presidencia.
 - c.- A autorización dos cambios de situación administrativa do persoal, logo da información á presidenta ou ao presidente do Parlamento.
 - d.- Todas son correctas.
66. Segundo o artigo 13 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, compételle ao Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento:
- a.- A xestión e custodia do Rexistro de Intereses, baixo a dependencia directa da letrada ou do letrado oficial maior.
 - b.- A expedición, con carácter xeral, de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados, sen prexuízo do exercicio desta competencia por outras unidades en relación coas funcións que especificamente teñan atribuídas.
 - c.- A xestión do Rexistro Xeral.
 - d.- Todas as respostas anteriores son correctas.
67. O artigo 12 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia atribúelle ao Servizo de Persoal e Réxime Interior:
- a.- O control e xestión das funcións de xestión económica do persoal.
 - b.- A colaboración na execución das medidas impostas pola Presidencia para manter a orde dentro do recinto parlamentario.
 - c.- A proposta de medidas disciplinarias que afecten o persoal.
 - d.- A xefatura do persoal da Administración parlamentaria, sen prexuízo das competencias de dirección superior da Mesa e da presidenta ou do presidente da Cámara.
68. Sinale a opción correcta segundo o artigo 35 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia:
- a.- Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente ao persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos orzamentarios consignados ao efecto. Este persoal, de carácter laboral, cesará automaticamente ao producirse o cesamento do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.

- b.- Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente ao persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos orzamentarios consignados ao efecto. Este persoal, de carácter interino, cesará automaticamente ao producirse o cesamento do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.
 - c.- Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente ao persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos orzamentarios consignados ao efecto. Este persoal, de carácter eventual, cesará automaticamente ao producirse o cesamento do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.
 - d.- Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente ao persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos orzamentarios consignados ao efecto. Este persoal, de carácter fixo, cesará automaticamente ao producirse o cesamento do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.
- 69. Signale a opción correcta segundo o artigo 45 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia:**
- a.- A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran catro días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
 - b.- A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. No catro primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
 - c.- A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran tres días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
 - d.- A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
- 70. Signale a opción correcta segundo o artigo 53 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia:**
- a.- A delegación legislativa deberá outorgarse mediante unha lei ordinaria cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei de bases cando se trate de refundir varios textos legais nun só.
 - b.- A delegación legislativa deberá outorgarse mediante unha lei ordinaria cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei orgánica cando se trate de refundir varios textos legais nun só.
 - c.- A delegación legislativa deberá outorgarse mediante unha lei orgánica cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.
 - d.- A delegación legislativa deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

- 71. Segundo o disposto no artigo 53 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, non poderá ser obxecto de delegación legislativa :**
- a.- A regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma.
 - b.- A aprobación do orzamento.
 - c.- As leis institucionais ou de desenvolvemento básico do Estatuto de Autonomía.
 - d.- Todas son correctas.
- 72. Para os efectos do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o concepto de discriminación incluírá (SINALE A OPCIÓN INCORRECTA):**
- a.- O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento ao mesmo.
 - b.- A orde de discriminar a persoas por razón do seu sexo.
 - c.- A actuación dirixida cara a calquera muller.
 - d.- O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade.
- 73. Segundo o artigo 6 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ¿cal é o órgano colexiado e institucional de Galicia, ao que corresponden, entre outras, as funcións de seguimento da aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e os correspondentes plans de igualdade de oportunidades na loita contra a violencia de xénero?**
- a.- O Observatorio para a Violencia de Xénero.
 - b.- A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
 - c.- A Secretaría Xeral de Igualdade.
 - d.- O Consello Galego das Mulleres.
- 74. Sinala a afirmación correcta segundo o artigo 19 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno:**
- a.- A principio de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto ao grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento no ano anterior.
 - b.- A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto ao grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nos últimos dous anos .
 - c.- A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto ao grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.
 - d.- A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto ao grao de cumprimento dos acordos non aprobados polo Parlamento nese ano.

- 75. Dos seguintes principios reitores, cal non se encontra entre os principios reitores do artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno?**
- a.- Principio de accesibilidade universal da información pública.
 - b.- Principio de participación cidadá.
 - c.- Principio de responsabilidade.
 - d.- Principio de discriminación tecnolóxica e lingüística.
- 76. Segundo o artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno:**
- a.- Naqueles casos en que a aplicación dalgunha limitación non afecte a totalidade da información, e sempre que sexa posible, concederase o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, aínda que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.
 - b.- As limitacións deberán ser proporcionadas atendendo ao seu obxecto e á súa finalidade de protección. En todo caso, deberánse interpretar de maneira extensiva, sempre que un interese público ou privado superior xustifique a divulgación da información.
 - c.- As limitacións ao dereito de acceso só serán aplicables durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.
 - d.- Todas son correctas.
- 77. Segundo o artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, respecto da solicitude de acceso á información:**
- a.- A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
 - b.- A ausencia de motivación será, por si soa, causa de rexeitamento da solicitude.
 - c.- A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
 - d.- a) e b) son correctas.
- 78. A información básica do tratamento de datos deberá conter, segundo o art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, polo menos:**
- a.- A identidade do encargado do tratamento.
 - b.- A finalidade do tratamento.
 - c.- A posibilidade de renunciar aos dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679.
 - d.- a) e b) son correctas.
- 79. Segundo o disposto no artigo 12 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o encargado:**
- a.- Non poderá tramitar, en ningún caso, as solicitudes de exercicio formuladas polos afectados dos seus dereitos.
 - b.- Poderá tramitar, en todo caso e por conta do responsable, as solicitudes de exercicio formuladas polos afectados dos seus dereitos .
 - c.- Poderá tramitar, por conta do responsable, as solicitudes de exercicio formuladas polos afectados dos seus dereitos se así se establecer no contrato ou acto xurídico que lles vincule.
 - d.- Non poderá tramitar, por conta do responsable, as solicitudes de exercicio formuladas polos afectados dos seus dereitos só se así se establecer no acto xurídico que lles vincule.

80. Segundo o disposto no art. 13 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o dereito de acceso entenderase outorgado se o responsable do tratamento facilítase ao afectado un sistema de acceso remoto, directo e seguro aos datos persoais que garanta:
- a.- De modo temporal, o seu acceso parcial.
 - b.- De modo temporal, o acceso á súa totalidade.
 - c.- De modo permanente, o seu acceso parcial.
 - d.- De modo permanente, o acceso á súa totalidade.

Preguntas de reserva

R1. Segundo o artigo 84.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o voto das deputadas e dos deputados é persoal e indelegable, agás nos casos de:

- a.- Embarazo, paternidade ou incapacidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo xustificadas.
- b.- Embarazo, paternidade ou enfermidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo xustificadas.
- c.- Embarazo, maternidade ou incapacidade prolongada que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo xustificadas.
- d.- Embarazo, maternidade ou paternidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo xustificadas.

R2. Segundo o artigo 11 do Regulamento do Parlamento de Galicia, correrá a cargo do orzamento do Parlamento:

- a.- O aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa dedicación profesional, prestan o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas.
- b.- O aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles membros da Mesa que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, deixen de prestar o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas.
- c.- O aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, deixen de prestar o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas.
- d.- O aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, non deixen de prestar o servizo que motiva a súa afiliación ou pertenza a aquelas.

R3. Indique a resposta correcta segundo o artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a declaración de bens e dereitos conterà, entre outros, os seguintes datos:

- a.- As rendas percibidas de calquera clase.
- b.- Os bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa declarante e os títulos representativos do capital en calquera entidade xurídica.
- c.- Os créditos, os préstamos e as débedas que integran o seu pasivo.
- d.- Todas as anteriores son correctas.

- R4. Sinala a resposta correcta segundo o artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia, na declaración de bens e dereitos deberá constar a súa valoración, segundo os seguintes criterios:**
- a.- Os bens inmobles, polo valor de mercado.
 - b.- Os vehículos, as embarcacións e as aeronaves valoraranse segundo os prezos medios de venda aprobados polo Ministerio de Facenda.
 - c.- Os restantes bens e dereitos valoraranse aplicando os criterios de valoración catastral.
 - d.- Ningunha das anteriores é correcta.
- R5. Segundo o artigo 27 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención:**
- a.- Fixa, en función do número de deputados.
 - b.- Fixa, idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles.
 - c.- Variable en función do número de períodos de sesións que teña a lexislatura.
 - d.- Fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles nas comisións.